

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E AA ASOCIACIÓN CINE CLUB PONTEVEDRA PARA A COLABORACIÓN NA DIFUSIÓN DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL NA CIDADE DE PONTEVEDRA EN 2020**COMPARECEN**

Dunha banda, **Jacobo Sutil Nesta**, na súa calidade de director da **Axencia Galega das Industrias Culturais** (no sucesivo Agadic), con CIF Q-6550009-B e enderezo na Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás s/n, Santiago de Compostela, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais (por delegación, en virtude da resolución do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic, publicada no Diario Oficial de Galicia o 29 de agosto de 2012).

E doutra, **Ramón Poza Magdalena**, na súa calidade de presidente da **Asociación Cine Club Pontevedra** (en adiante a Asociación), con CIF G36016251, con sede na rúa Luís Braille, nº 40, Centro Cívico Sur, 36003 Pontevedra.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO. A Axencia Galega das Industrias Culturais, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da Axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b) da Lei 4/2008). Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

SEGUNDO. Que a Asociación Cine Club Pontevedra ten como fins, segundo se estipula nos seus estatutos, a promoción e difusión do feito cinematográfico e audiovisual. E para levar a cabo os seus fins a asociación ten como actividade principal a programación regular de proxeccións cinematográficas, aínda que tamén poderá realizar outras actividades, sempre en relación co cine, como programación de ciclos temáticos, realización de actividades culturais e educativas relacionadas coa cultura cinematográfica, colaboración con outras entidades con fins comúns, etc.



TERCEIRO. Que a Asociación Cine Club Pontevedra leva tempo apostando firmemente polo desenvolvemento cinematográfico na cidade de Pontevedra, cunha ampla e variada programación que pon a disposición dos cidadáns pezas fundamentais da sétima arte.

CUARTO. Que a Agadic considera necesario impulsar a relación entre os distintos axentes culturais galegos no ámbito audiovisual, establecendo programas de cooperación con outros centros con fins semellantes ou complementarios. A colaboración, neste caso, co Cine Club Pontevedra busca incidir nun maior coñecemento das artes da imaxe e posibilitar un enriquecemento e variedade da oferta cultural na cidade de Pontevedra, polo que ambas as entidades consideran esencial o establecemento de accións conxuntas durante o ano 2020 que profundicen na promoción, potenciación e difusión do sector audiovisual a través da organización das actividades obxecto deste convenio.

Polo anteriormente exposto, as partes acordan a sinatura deste convenio de colaboración, consonte coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

Que o obxecto deste convenio é a colaboración na organización dun programa de difusión de produción audiovisual na cidade de Pontevedra, cunha programación que se estenderá dende mediodas de marzo ata o 17 de decembro de 2020, cun máximo de 30 semanas, a razón dun programa por semana (exceptuando os meses de xullo e agosto), e ao longo das cales se proxectará un mínimo de sete títulos de produción galega, así como unha escolma representativa da diversidade da programación da sala de proxeccións do Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI) dos últimos meses.

Dentro desta programación incluírase un ciclo conmemorativo do Xacobeo 2021 que estará composto por un mínimo de tres películas e un máximo de cinco e que se programará ao reiniciarse as proxeccións tras o parón de xullo e agosto. Para as películas deste ciclo non rexerá a condición dun único programa por semana.

SEGUNDA.- DURACIÓN DO PROXECTO

O prazo previsto para o desenvolvemento e a realización do proxecto indicado estenderase dende a sinatura deste convenio ata o prazo máximo de vixencia nel establecido.

TERCEIRA.- RESPONSABILIDADE DO PROXECTO

A Asociación e a Agadic serán as entidades organizadoras do programa, encargándose, ambas, da realización das actividades necesarias para o desenvolvemento das actividades obxecto do convenio, nun proceso de colaboración continua.

A estes efectos, e no ámbito da comisión mixta de seguimento á que se refire a cláusula sexta deste convenio, ambas as entidades coordinarán conxuntamente o programa de exhibición da produción audiovisual, designarán o persoal máis axeitado de cara á conformación do equipo necesario para a coordinación do proxecto, que deberá manter reunións periódicas de coordinación, seguimento e control das actividades levadas a cabo, e xestionarán calquera modificación que xurda no



desenvolvemento das actuacións a través dos medios materiais, técnicos e humanos necesarios para a súa consecución, nun proceso de colaboración mutua entre ambas as entidades.

Polo que respecta ao persoal designado por parte da Asociación, este non terá relación laboral, contractual ou de calquera outra índole coa Agadic.

CUARTA.- RESPONSABILIDADE DO PROXECTO E OBRIGAS DAS PARTES

A Agadic e a Asociación, como se apunta na cláusula terceira, **coordinarán de forma conxunta** o programa de exhibición da produción audiovisual. **Corresponderalle ao persoal do CGAI designado pola Agadic a selección dos títulos programados, que nun 25% corresponderá ás suxestións da Asociación.**

A Agadic asumirá, ata o máximo especificado na cláusula sétima deste convenio, os custos xerados pola adquisición dos dereitos de emisión das producións, así como os custos dos traslados ocasionados no desenvolvemento do programa de exhibición e os custos de comisariado e preparación dos programas, se os houbese.

A Asociación, pola súa banda, comprométese a **contar cun espazo de exhibición axeitado** aos fins do programa e a mantelo en condicións idóneas. Os beneficios que se puidesen xerar deberán repercutir exclusivamente no cumprimento dos fins da Asociación consignados nos seus estatutos, **sen que caiba ningún tipo de fin lucrativo** entre os asociados nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo. En todo caso, os títulos galegos subvencionados deben ser emitidos sen estar suxeitos a ningún tipo de pagamento de entrada por parte do público asistente.

Ambas entidades, a través dos seus representantes, asistirán a todos os actos públicos de presentación e difusión das actividades conveniadas, co obxecto de incidir nunha maior difusión e promoción do proxecto e lograr a maior participación do conxunto da sociedade galega.

Nas actividades derivadas do obxecto do convenio, tanto nos actos públicos coma no material de difusión que se elabore, as partes comprométense a facer mención expresa da colaboración da Xunta de Galicia no desenvolvemento das actividades conveniadas. A entidade comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro deste convenio a **imaxe corporativa do Xacobeo 2021 e a da Xunta de Galicia**, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa, e que deben ser descargadas da web da Xunta de Galicia no seu apartado de identidade corporativa.

QUINTA.-SEGUIMENTO DO PROXECTO

A Agadic nomeará un responsable do seguimento das actividades contempladas neste convenio, que será, así mesmo, o encargado da recepción dos informes sobre a marcha do programa, que deberán ser entregados de forma periódica pola Asociación e no que consten datos de cabida, asistentes, taquilla... e todos aqueles que se considere significativo reseñar.

SEXTA.- ESTABLECEMENTO DUNHA COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMENTO

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta integrada por representantes de cada unha das entidades, á que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

Por parte da Agadic actuará como representante o director do organismo, ou persoa en quen delegue. Por parte da Asociación actuará como responsable desta comisión o presidente da entidade, ou persoa que designe en substitución.



SÉTIMA.- FINANCIAMENTO

Para o desenvolvemento deste programa, a Agadic reserva **ata un máximo de 12.500** (doce mil cincocentos) euros, impostos incluídos, para o que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 11.A1.432.B.640.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2020. **A este crédito asignaranse os gastos derivados da consecución dos dereitos de emisión** por parte da Agadic a través do CGAI así como **os custos xerados polo transporte e envío dos filmes e os de comisariado e preparación dos programas se os houbese.**

OITAVA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E OS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio serán de titularidade e uso común da Agadic e da Asociación. A Agadic resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio, que, en todo caso, terán carácter público. Os resultados deste programa de actividades quedarán para futuras edicións e ambas as partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas partes comprométense a facer mención expresa deste convenio. En calquera caso a Asociación poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do programa en actividades propias da súa función.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

NOVENA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ENTIDADE

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Agadic, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMA.- TRANSPARENCIA

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Os asinantes prestan consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mais o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, os asinantes aceptan e consenten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESCISIÓN DO CONVENIO

As partes poderán denunciar ou modificar este convenio en calquera momento por acordo mutuo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas neste convenio por unha das partes facultará á outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura ata o **17 de decembro de 2020.**



DÉCIMO TERCEIRA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO CUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes manifestan que coñecen e comprenden a lexislación europea en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, á que se someten de forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento deste convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016.

Así mesmo, as partes responsabilizaranse de que o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar no marco deste convenio se faga con absoluto respecto ao establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e na súa normativa de desenvolvemento.

As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de executar o convenio.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non se cederán a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

As partes adoptarán as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.

Os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas partes; sen prexuízo das excepcións que a normativa e/ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de darse a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

DÉCIMO QUINTA.- RÉXIME XURÍDICO

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións e, así mesmo, polo disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do



sector público.

Segundo o previsto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público aínda que o convenio está excluído do seu ámbito de aplicación, ao non previsto e de acordo co seu artigo 4 aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa aplicable e vixente na materia.

DÉCIMO SEXTA.- XURISDICIÓN

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio.

No seu caso, as partes someterán as diverxencias que puideran presentarse en orde á interpretación ou cumprimento deste convenio á xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan

POLA AGADIC

Jacobo Sutil Nesta

Director

(P.D. do Presidente do Consello Reitor
da Agadic, DOG 29/08/2012

POLA ASOCIACIÓN CINE CLUB PONTEVEDRA

Ramón Poza Magdalena

Presidente da Asociación Cine Club Pontevedra

